



# Programación

## Xeral anual

### curso 2007/2008

Profesorado adscrito

Proxecto Ponte dos Brozos

CEIP Ponte dos Brozos

## **Contexto Xeral**

O obxectivo xeral do Proxecto Ponte dos Brozos é a modernización dos procesos de ensino e aprendizaxe mediante a incorporación de avanzados instrumentos tecnolóxicos da información e comunicación como medio didáctico para acadar as mellores metas educativas.

Este proxecto está dotando ao centro de infraestrutura para a posta en funcionamento de equipos informáticos, dun equipamento tecnolóxico importante, de formación permanente ao profesorado pertencente ao proxecto (dentro e fóra das paredes da escola), de intercambios escolares que redunda na calidade da educación, é un elemento de innovación educativa, permite dar unha dimensión externa ao Colexio e serve para que toda a comunidade educativa teña a posibilidade de acceder a unha proposta, de carácter singular, na nosa Comunidade Autónoma.

### **1. Profesorado**

Neste momento participan no proxecto PdB o seguinte profesorado 64 profesores e profesoras do CEIP Ponte dos Brozos

### **2. Obxectivos**

#### **2.1. Obxectivos xerais:**

- Atender á formación do profesorado nas súas demandas específicas
- Mellorar o nivel de información con respecto a marcha do proxecto: obxectivos, cursos, reunións, incidencias, formas de transmitir información entre os participantes do proxecto.
- Organizar reunións por ciclos, niveis ou departamentos para a coordinación do profesorado participante no PPdB
- Secuenciar as competencias básicas do alumnado en cada ciclo, a partir dunha avaliación inicial
- Promover accións que permitan dar pasos para crear unha comunidade de aprendizaxe que sirva para acoller ó profesorado que sexa destinado en setembro e para dar respostas ós profesores menos alfabetizados tecnoloxicamente.
- Estudiar as necesidades de equipamento
- Sacar maior proveito a experiencia de moitos dos nosos compañeiros e compañeiras

- Posta en común de criterios para o tratamento da información en cada ciclo de Educación Primaria.
- Mostra de boas prácticas sobre a utilización das TIC no tratamento da información.

## **2.2. Educación Infantil**

### **2.2.1. Obxectivos de competencia tecnolóxica**

- Usar o rato para sinalar e facer clic
- Iniciar/pechar o ordenador
- Usar o teclado
- Imprimir desde o icono de impresión

### **2.2.2. 3 anos: Obxectivos**

- Coñecer o ordenador como unha ferramenta máis de traballo na aula.
- Tomar conciencia de que o ordenador tamén serve para aprender.
- Iniciarse no manexo do rato.
- Adquirir bos hábitos no manexo do ordenador: sentarse correctamente, distancia adecuada...
- Centrar a atención e o pensamento.
- Reforzar a autoestima e a toma de decisións.
- Fomentar o uso autónomo dalgún programa traballado.
- Respetar os turnos e agrupamentos establecidos, así como compartir e axudar cando sexa necesario.

### **2.2.3. 4 anos: Obxectivos**

- Desenvolver a discriminación auditiva e visual.
- Afianzar a coordinación óculo-manual no manexo dos periféricos do ordenador .
- Potenciar as adquisicións dos conceptos, procedementos e actitudes, traballados na aula.
- Estimular o pensamento e a atención.
- Aprender a respectar a quenda e a compartir a realización das tarefas.
- Facilitar a adquisición de novo vocabulario.

- Estimular o uso da linguaxe escrita.
- Coñecer as múltiples posibilidades que ofrece o ordenador (vídeo, audio, escritura, debuxo...)
- Respectar e coidar todos os elementos dun ordenador.

#### **2.2.4. 5 anos: Obxectivos**

- Coñecer e poñer en práctica as normas básicas de funcionamento do ordenador: acendido, manexo do rato, búsqueda de programas... etc.
- Afianzar e aproveitar as distintas posibilidades que ofrece o ordenador (vídeo, audio, debuxo, escritura, gravación de voz, xogos, actividades educativas, Internet...)
- Manexar os diferentes programas e actividades propostos sendo capaces de seguir a secuencia correcta de ordes necesarias para que o ordenador se poña en funcionamento.
- Reforzar os conceptos, procedementos e actitudes adquiridos na aula.
- Potenciar as capacidades cognitivas de atención, percepción e discriminación.
- Potenciar a memoria, a comprensión e as estratexias de exploración e tanteo, por medio do traballo co ordenador.
- Fomentar a interacción e intercambios de puntos de vista entre iguais, ao traballar proxectos en común diante do ordenador.
- Utilizar o ordenador como vehículo de adquisición de coñecementos, destrezas e hábitos.
- Coñecer as características e posibilidades comunicativas das novas tecnoloxías desenrolando unha actitude crítica cara estes medios.
- Utilizar a ferramenta Internet como medio de información e investigación.
- Valorar o uso e importancia da PDi na aula de Ed. Infantil, cara a aumentar o número de unidades neste ciclo

### **2.3. Educación Primaria:**

#### **2.3.1. 1º Ciclo:**

##### **2.3.1.1. Obxectivos de competencia tecnolóxica**

- Usar os compoñentes básicos do entorno gráfico do ordenador

- Abrir e cerrar aplicacións
- Iniciar un documento novo
- Gardar e recuperar documentos con axuda
- Acceder á información contida nun CD
- Crear, acceder e editar frases cun procesador de textos
- Imprimir documentos
- Utilizar software gráfico sinxelo

#### **2.3.1.2. Obxectivos:**

- Desenrolar destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo)
- Afianzar os conceptos traballados
- Intentar que os nenos coñezan o pc e os seus periféricos (rato, teclado e impresora)
- Expresarse libremente utilizando diversos programas para representar a súa percepción plástica.
- Coñecer o vocabulario informático básico.
- Lograr a creación de textos escritos, inventados ou copiados utilizando de xeito básico un programa procesador de textos.
- Saber imprimir e gardar de xeito autónomo un texto escrito.

#### **2.3.2. 2º Ciclo:**

##### **2.3.2.1. Obxectivos de competencia tecnolóxica**

- Aplicar os procedementos axeitados para iniciar e pechar as sesións nos instrumentos tecnolóxicos empregados (teclados AlphaSmart e ordenadores de aula).
- Utilizar o teclado empregando tódolos dedos.
- Adquirir destrezas para gardar a información empregando procesadores de textos sinxelos.
- Acceder a información seleccionada que o profesorado colga no ordenador ou que se atopa en soportes (disquete, cds).
- Confeccionar imaxes empregando aplicacións de debuxo

##### **2.3.2.2. Obxectivos**

- Empregar as fases iniciais de procesamento da información empregando plantillas elaboradas polo profesorado (observación, comparación, ordenación, clasificación).
- Utilizar os ordenadores de aula para a realización de actividades, por áreas, con ferramentas de autor.
- Construír textos sinxelos utilizando os teclados AlphaSmart e procesadores de textos sinxelos.
- Elaborar tarxetas nas que aparezan imaxes e unha frase que lle dea sentido.
- Confeccionar sinxelos traballos cooperativos empregando os teclados AlphaSmart.
- Facer sinxelas presentacións dos traballos realizados volcando nun procesador de textos a información textual e icónica.

### **2.3.3. 3º Ciclo:**

#### **2.3.3.1. Obxectivos de competencia tecnolóxica**

- Personalizar aspectos do sistema
- Usar un buscador
- Comprender a necesidade de facer copias de seguridade e facelas
- Identificar as vantaxes de traballar nunha rede local e usar ficheiros compartidos
- Buscar información en diferentes medios
- Engadir direccións a Favoritos
- Saber capturar e pegar textos e gráficos
- Editar documentos empregando texto, gráficos e sons
- Elaborar unha presentación multimedia ou páxina web de xeito complexo
- Utilizar Mecawin como programa de adestramento mecanográfico

#### **2.3.3.2. Obxectivos**

- Utilizar os ordenadores portátiles e a pizarra dixital, nas clases que dispoñan dela, como ferramentas no traballo da aula.
- Utilizar software comercial como complemento e axuda ás actividades escolares integrada no currículo.

- Empregar ferramentas de autor (clic, neobook, hot potatoes, ardora) ademais de presentacións en PowerPoint.
- Utilizar internet como fonte de información reforzando o carácter selectivo de ditas búsquedas. E tamén como fonte de recursos educativos (programas, traballos...)
- Usar o correo electrónico como medio de comunicación (familias, profesores, alumnos, centros...).
- Empregar medios informáticos en tarefas de avaliación
- Potenciar a utilización da páxina web do colexio por toda a comunidade educativa

#### 2.4. **Relixión:**

- Reforzar as normas básicas de compañeirismo e de relación cos seus iguais respecto ao uso do ordenador: respectar as quendas e os tempos de execución, debido ás diferencias individuais existentes entre eles.
- Manexar e coordinar as habilidades de manipulación fina imprescindibles para o seu uso.
- Potenciar as capacidades cognitivas do alumno a través do manexo do ordenador.
- Conseguir mellorar a confianza e auto estima das súas capacidades.
- Manter a atención e adquirir os contidos básicos da materia de Relixión impartidos na aula coas novas tecnoloxías.
- Utilización de CD con materias relixiosas
- Uso de Internet como busca de páxinas de temática relixiosa axeitadas á idade e coñecementos do alumnado
- Iniciación a Power Point
- Emprego do procesador de textos Word para a realización de textos no 3º ciclo

#### 2.5. **Lingua Inglesa**

- Familiarización cos portátiles na aula de lingua estranxeira
- Integración das TIC no currículo por medio de programas comerciais, actividades de Clic e realización de materiais e o seu depósito no Servidor de alumnado para compartir.

- Manexo de páxinas web con material interactivo, con opción de autocorrección, para a práctica dende a gramática ó vocabulario ata comprensión oral e escrita.
- Iniciación a Power Point
- Uso de software comercial de Oxford University Press
- Adquisición de competencias tecnolóxicas
- Adquisición de vocabulario informático mínimo e axeitado en inglés.

## 2.6. Lingua Francesa

- Familiarización cos portátiles na aula de lingua estranxeira
- Elaboración de material de aula a partir de programas informáticos en francés.
- Integración das TIC no currículo por medio de programas comerciais, actividades de Clic e realización de materiais e o seu depósito no Servidor de alumnado para compartir.
- Búsqueda e manexo de páxinas web con material interactivo, con opción de autocorrección, para a práctica dende a gramática ó vocabulario ata comprensión oral e escrita., en especial as páxinas recollidas en [www.lepointdufle.net](http://www.lepointdufle.net), na [www.education.vic.gov.au/languagesonline/french/french/htm](http://www.education.vic.gov.au/languagesonline/french/french/htm)
- Uso de software comercial de Galaxie.fr 1. Editorial Santillana, e Galaxie fr.2. Editorial Santillana.

## 2.7. Audición e linguaxe

- Favorecer a integración e a autoestima dos nenos de NNEE
- Estimular a comunicación escrita a través de:
  - Correos electrónicos
  - Ferramentas de textos ( word, corrector, open-office...)
  - Elaboración de frases, textos pequenos e contos ( imaxina e crea con Pipo)
- Mellorar a coordinación motora ( paint, tuxpaint)
- Traballar:
  - Nocións espaciais ( tangram)
  - Temporais (juegomat, adibú)



- Reforzar a adquisición de conceptos dun xeito variado e ameno para evitar a fatiga.
- Potenciar a autonomía no traballo, desenvolvendo a capacidade de búsqueda de información.
- Traballar a discriminación auditiva e visual (programas de gravación)

## **2.8. Pedagogía Terapéutica**

- Utilizar o ordenador como medio para traballar os contidos curriculares.
- Empregar formatos distintos para a aprendizaxe da lectura e escritura, así coma doutras áreas:
  - Internet
  - Procesador de texto
  - Correo electrónico
  - Programas educativos
  - Etc.
- Buscar información relacionada co traballo da aula para ampliar os coñecementos.
- Aproveitar as vantaxes da red Internet para adquirir imaxes e programas que axuden a complementar o traballo de aula.
- Motivar ao alumnado cara a aprendizaxe escolar a través do uso das novas tecnoloxías.
- Diseñar fichas, cadernos de traballo e programas beneficiosos para o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Introducir aos alumnos no manexo das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo.

## **3. METODOLOXÍA**

- Ed. Infantil e 1º Ciclo de Ed. Primaria
  - Recuncho do ordenador en cada aula. Ao longo do día os alumnos rotan na utilización dos equipos.
  - Utilización software educativo comercial

- Uso de software educativo elaborado polos mestres utilizando programas de presentacións como o PowerPoint ou ferramentas de autor coma os programas Clic, Neobook, Lim, Ardora
- No 1º ciclo de Ed. Primaria comezarán a empregar o teclado para a creación de textos
  
- 2º Ciclo de Ed. Primaria
  - Mantense o recuncho do ordenador nas aulas
  - Comezan a utilizarse como ferramentas de transición ó esquema 1:1 os teclados “AlphaSmart”
  - Ademais das actividades que elaboran os mestres cos programas sinalados no punto anterior, os alumnos realizarán búsquedas de investigación na rede partindo de webs específicas deseñadas a tal fin polos profesores
  - No 2º nivel e dun xeito progresivo pasarase a utilización dos ordenadores portátiles
  
- 3º ciclo de Ed. Primaria
  - Paso a un esquema 1:1 (1 alumno, 1 ordenador) coa utilización habitual dos ordenadores portátiles na aula
  - A todo o software sinalado nos puntos anteriores engádese a utilización a nivel básico de suites ofimáticas (Office/Openoffice).
  - Profundizarase na utilización das “webquest” como medio para aprender a utilizar a rede na súa pescuda da información necesaria para atopar as respostas

#### **4. Organización dos integrantes do proxecto:**

- O coordinador pedagóxico terá unha reunión semanal (os venres) cós coordinadores dos outros centros participantes (IES Sabón e IES Pastoriza) e os representantes da FAO a fin de facilitar o desenrolo e coordinación do proxecto.
- O coordinador do proxecto dedicará o horario que quede despois das reunións de coordinación a visitar ás unitarias adscritas ao proxecto

- O último martes de cada mes, de 17:15 a 18:15 h. terá lugar unha reunión do profesorado adscrito ao proxecto que o desexe e que seguirán o seguinte esquema:
  - Informacións de interese
  - Tema central cun relator saído do profesorado. Temas:
    - Creación de actividades
    - Presentación de experiencias
    - ...
  - Coloquio sobre o tema tratado
- Crear un grupo estable entre os membros do proxecto que estude a posibilidade de establecer un modelo PdB na utilización das TICs
- Programaranse ao longo do curso diferentes cursos ou xornadas relacionadas coas Tics.
- Organización de actividades conxuntas dos tres centros para coñecer o que están a realizar os participantes do Proxecto nos outros centros

Ademais destas reunións o profesorado adscrito ó proxecto poderá participar en cursos de formación, charlas, conferencias, foros, mesas redondas, xornadas ou viaxes de traballo para coñecer experiencias xa desenroladas en outros centros, supeditada dita participación ao apartado sobre substitucións reflectido no convenio en vigor entre a Consellería de Educación e a Fundación Amancio Ortega ó fin de acadar o obxectivo xeral do proxecto.

#### **4.1. Propostas para este curso**

- Buscar o xeito de mellorar a comunicación entre as persoas implicadas no proxecto
- Crear un grupo estable de traballo que busque a sostenibilidade do proxecto nun futuro próximo
- Valorar a posibilidade dunha maior coordinación horizontal previa á vertical
- Establecer unha relación máis estreita coas escolas unitarias
- Establecer un calendario de reunións e tentar cumprilo.
- Potenciar as páxinas web profesionais, ou os blogues como alternativa as mesmas, do profesorado.
- Estudiar o xeito de crear páxinas web ou blogues para o alumnado.

- Estudiar a mellora da rede WI-FI
- Continuar a renovación dos equipos que están a quedar obsoletos.
- Potenciar as saídas e a asistencia a congresos ou xornadas dos membros do PPdB
- Mellorar o sistema de intercambio de experiencias.
- Potenciar o uso de Moodle e das ferramentas da Web 2.0

## **5. Avaliación**

Ao remate do curso cada profesor participante no proxecto elaborará unha memoria sobre o uso das novas tecnoloxías na aula, na que tras expoñer a súa experiencia ó longo do curso realizará unha avaliación da mesma.

Ditas memorias se presentarán xunto co material elaborado na reunión xeral de final de curso e servirán de base para as modificacións que se crea conveniente levar a cabo no proxecto.